


# ΔΙΔΑΓΜΑ



1

O artigo. 1ª e 2ª declinacións: substantivos e adxectivos.

Presente e pretérito imperfecto dos verbos temáticos e do verbo εἰμί

2

Historia de Grecia: Época Arcaica

## ΒΛΕΠΕ!

A primeira parte da Historia de grecia (a Época Arcaica) será abordada a partir dunha presentación:

1. Ἱστορία τῆς Παλαιάς Ἑλλάδος - Α' ("Historia da Antiga Grecia - I"): veremos a orixe do pobo grego e a súa evolución ata o s. V a.C.



## ἈΝΑΓΙΓΝΩΣΚΕ!

O grego, ó contrario que o latín, conta cun determinante moi útil: o artigo. Ten a súa propia declinación (unha "suma" da 1ª e 2ª declinacións, como comprobaremos no Tema seguinte), que se expón na seguinte táboa (tanto en singular como en plural as tres columnas corresponden ós tres xéneros):

|                | singular |     |     | plural |      |      |
|----------------|----------|-----|-----|--------|------|------|
| NOM (SUX/ATRB) | ὁ        | ἡ   | τό  | οἱ     | αἱ   | τά   |
| AC (CD/CC)     | τόν      | τήν | τό  | τούς   | τάς  | τά   |
| XEN (CN/CC)    | τοῦ      | τῆς | τοῦ | τῶν    | τῶν  | τῶν  |
| DAT (CI/CC)    | τῷ       | τῇ  | τῷ  | τοῖς   | ταῖς | τοῖς |

As dúas primeiras declinacións de substantivos e adxectivos, que serán as que manexaremos ata chegar ó Tema 5, son as seguintes:

### Primeira declinación (substantivos)

Comprende os **temas en -α**. A maioría dos seus substantivos son femininos, aínda que presenta uns poucos masculinos. De acordo co seu enunciado, hainos de 5 tipos:

|            |              |
|------------|--------------|
|            | enunciado    |
| femininos  | ἡμέρα, -ας   |
|            | δόξα, -ας    |
|            | κεφαλή, -ῆς  |
| masculinos | νεανίας, -ου |
|            | πολίτης, -ου |

Como se verá máis adiante, o Xenitivo de singular dos masculinos da 1ª declinación coincide co Xenitivo de singular dos substantivos da 2ª declinación. As desinencias desta declinación son as seguintes:

|                | fem. (tema en -α) | fem.. (tema en -η) | masc.   | plural |
|----------------|-------------------|--------------------|---------|--------|
| NOM (SUX/ATRB) | -α                | -η                 | -ας/-ης | -αι    |
| AC (CD/CC)     | -αν               | -ην                | -αν/-ην | -ας    |
| XEN (CN/CC)    | -ας               | -ης                | -ου     | -ῶν    |
| DAT (CI/CC)    | -α                | -η                 | -α/-η   | -αις   |

NOTA 1: O Vocativo é sempre igual ó Nominativo, tanto en singular como en plural, coa excepción dos substantivos masculinos: neles o Vocativo fórmase eliminando o -ς do Nominativo.

### Segunda declinación (substantivos)

Comprende os **temas en -ο**. A maioría dos seus substantivos son masculinos ou neutros, con algúns femininos. Os neutros teñen sempre estas características:

- distínguense sempre porque o seu **Nominativo de singular (e, polo tanto, a primeira forma do enunciado), termina en -ον**.
- **teñen o Nominativo, o Acusativo (e o Vocativo) idénticos, tanto en singular como en plural**.
- o seu **Nominativo, Acusativo (e Vocativo) de plural remata sempre en -α**.

NOTA: Os dous últimos trazos rexen tamén para os neutros da 3ª declinación.

Estas son as súas desinencias:

|                | masculinos e femininos |        | neutros  |        |
|----------------|------------------------|--------|----------|--------|
|                | singular               | plural | singular | plural |
| NOM (SUX/ATRB) | -ος                    | -οι    | -ον      | -α     |
| AC (CD/CC)     | -ον                    | -ους   | -ον      | -α     |
| XEN (CN/CC)    | -ου                    | -ῶν    | -ου      | -ῶν    |
| DAT (CI/CC)    | -ω                     | -οις   | -ω       | -οις   |

NOTA 1: O Vocativo é igual ó Nominativo, agás no singular dos masculinos-femininos, que ten como desinencia -ε.

NOTA 2: Nalgúns substantivos, as desinencias únense a raíces rematadas en –ο ou en –ε. Esa unión provoca contraccións (*vid. supra*) que desfiguran algo as desinencias no NOM e AC singular. Convén coñecer o substantivo, bastante frecuente, νοῦς, νοῦ (“mente”), que presenta NOM. νοῦς (νό-ος) e AC νοῦν (νό-ον).

### Adxectivos

Ós adxectivos que siguen a 1ª e 2ª declinacións chámaselles “adxectivos da 1ª clase”. Poden presentar estes enunciados:

| clase        | 1ª                                                                                                                                                                            |    |      |
|--------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|------|
| xéneros      | M                                                                                                                                                                             | F  | N    |
| enunciado(s) | -ος                                                                                                                                                                           | -α | -ον  |
|              | -ος                                                                                                                                                                           | -η | -ον  |
|              | -ους                                                                                                                                                                          | -α | -ουν |
|              | -ους                                                                                                                                                                          | -η | -ουν |
| declinación  | 2ª                                                                                                                                                                            | 1ª | 2ª   |
| xéneros      | M & F                                                                                                                                                                         |    | N    |
| enunciado(s) | -ος                                                                                                                                                                           |    | -ον  |
|              | -ους                                                                                                                                                                          |    | -ουν |
|              | -ως                                                                                                                                                                           |    | -ων  |
| declinación  | 2ª                                                                                                                                                                            |    |      |
| exemplos     | <u>δίκαιος, -α, -ον</u><br><u>ἀγαθός, -ή, όν</u><br><u>ἀργυροῦς, -ᾶ, -οῦν</u><br><u>χρυσοῦς, -ῆ, -οῦν</u><br><u>ἐνδοξος, -ον</u><br><u>εὖνους, -ουν</u><br><u>ἰλεως, -εων</u> |    |      |

NOTA: Aparecen subliñados os enunciados máis frecuentes.

### Flexión verbal: presente e pretérito imperfecto dos verbos temáticos e do verbo εἶμι

A conxugación grega é bastante complicada: o verbo indica, como nas nosas linguas, persoa, número, tempo, modo e voz, aínda que con diferenzas importantes. Polo momento só será necesario coñecer dous tempos verbais, moi doados de identificar: o presente de indicativo e o pretérito imperfecto dos chamados verbos temáticos (na voz activa) e do verbo εἶμι (“ser”, “estar”, “existir”).

Chámase verbos temáticos a aqueles verbos gregos nos que as desinencias persoais (3 en singular e 3 en plural, como en galego e castelán) se unen á raíz verbal mediante vogais temáticas (-ε e -ο). A diferenza do latín, que presenta case sempre as mesmas desinencias persoais en todos os tempos, o grego distingue entre **tempos primarios** (presente, futuro e pretérito perfecto) e **tempos secundarios** (pretérito imperfecto, aoristo -un tipo de pasado- e pluscuamperfecto). Como de momento só necesitamos o presente de indicativo e o pretérito imperfecto, aquí están as súas desinencias:

| tempo   | PRESENTE | PRETÉRITO IMPERFECTO |
|---------|----------|----------------------|
| 1ª sing | -ω       | -ον                  |
| 2ª sing | -εις     | -ες                  |
| 3ª sing | -ει      | -ε                   |
| 1ª pl   | -ομεν    | -ομεν                |
| 2ª pl   | -ετε     | -ετε                 |
| 3ª pl   | -ουσι(ν) | -ον                  |

Para reconecer o pretérito imperfecto é necesario ter en conta un prefixo que se engade á raíz, chamado **aumento**, e que é, sempre que o verbo empece por consoante, ε-: así, a 3ª persona de singular do pretérito imperfecto do verbo λύω é ἔλυε, mentres a 1ª de plural é ἐλύομεν, por exemplo.

En canto ó verbo εἰμί, o seu presente de indicativo e pretérito imperfecto son os seguintes:

| pers.   | PRESENTE | PRET. IMPERF. |
|---------|----------|---------------|
| 1ª sing | εἰμί     | ἦν / ἦ        |
| 2ª sing | εἶ       | ἦσθα          |
| 3ª sing | ἐστί(ν)  | ἦν            |
| 1ª pl   | ἐσμέν    | ἦμεν          |
| 2ª pl   | ἐστέ     | ἦτε           |
| 3ª pl   | εἰσί(ν)  | ἦσαν          |

NOTA: Na 3ª persoa de plural (tamén na 3ª de singular, no caso do verbo εἰμί), pode aparecer unha -ν (chamada “efelcística”), sobre todo cando de que a seguinte palabra empece por vogal. O mesmo acontece na 3ª persoa de plural dos verbos temáticos (*vid. supra*).

## ἜΡΓΕ!

1. Analiza e traduce as seguintes secuencias:

α) Ἡ ἡσυχία φέρει εὐδαιμονίαν

β) Ἡ ἀνδρεία φέρει σωτηρίαν ταῖς στρατιαῖς

γ) Ἡ ἀνδρεία ἐστὶ τῇ στρατιᾷ ἀναγκαία

δ) Ἐν τῇ ἀγορᾷ εἰσιν οἰκίαι

ε) Ἡ ὑγίειά ἐστιν ἀναγκαία τῇ ἡσυχίᾳ

ζ) Πονηρὰ γλῶττά ἀεὶ αἰτία συμφορῶν ἐστιν

η) Αἱ τῆς δεσποίνης θεραπείαι τάλαιναί εἰσιν

- θ) Θαυμάζομεν τὴν τῶν μελιττῶν διαίταν
- ι) Ἡ ἡσυχία τίκτει τὴν τῆς ψυχῆς εἰρήνην
- κ) Ἡ δικαιοσύνη μεγάλη ἀρετή
- λ) Οἱ προδότες τὴν ἥτταν τῇ στρατιᾷ φέρουσιν
- μ) Ὁ Ἑρμῆς τὰς ψυχὰς ἄγει εἰς Ἄιδου
- ν) Οἱ τοξόται ἐνίοτε τοῖς ὀπλίταις βοήθειαν φέρουσιν
- ξ) Τῷ δικαστῇ ἀναγκαία ἐστὶν ἡ ἀρετή
- ο) Ἐν ταῖς ἑλληνικαῖς στρατιαῖς ἦσαν τοξόται καὶ πελτασταὶ καὶ ὀπλίται
- π) Ἡ νίκη ἄγει τὴν στρατιὰν ἀπὸ τῆς δεινῆς μάχης εἰς τὴν τῆς εἰρήνης ἡσυχίαν

#### ΣΥΝΘΗΣΙΣ

Ἀθηναῖοι εἰσιν ἐν τῇ Ἀττικῇ, καὶ Σπάρτη ἐν τῇ Λακωνικῇ, καὶ Θῆβαι ἐν τῇ Βοιωτίᾳ. Αἱ Μοῦσαι καὶ τέχναι ἦσαν ἐν τιμῇ ἐν ταῖς Ἀθηναῖς, ἀλλ' οὐκ ἐν ταῖς Θήβαις. Ἡ δὲ Σπάρτη τῇ ἀνδρείᾳ καὶ τῇ πειθαρχίᾳ καὶ τῇ καρτερίᾳ ἦν μεγάλη, καὶ θαυμάζομεν τὴν Λεωνίδου τελευτὴν ἐν ταῖς Θερμοπύλαις. Αἱ δὲ Πελοπίδου καὶ Ἐπαμεινώνδου νῖκαι φέρουσιν Θήβαις δόξαν καὶ τιμὴν μεγάλην.

2. Analiza e traduce as seguintes sequencias:

- α) Οἱ σοφοὶ διδάσκουσιν τὴν ἀρετὴν
- β) Οἱ Πέρσαι θύουσιν ἵππους τῷ ἡλίῳ
- γ) Οἱ νόμοι φυλάττουσιν τὸν βίον τῶν πολιτῶν
- δ) Ὁ ὕπνος τοῦ θανάτου ἀδελφός ἐστιν
- ε) Τὸν θάνατον μὲν φεύγουσιν οἱ ἄνθρωποι, τὸν βίον δὲ διώκουσιν
- ζ) Ἀρετῆς μὲν μισθός ἐστὶν ἔπαινος, κακίας δὲ ψογός
- η) Γῆν καὶ οὐρανὸν λέγομεν κόσμον

θ) Ὁ χρόνος πόνων ἰατρός

ι) Ἀρχὴ σοφίας φόβος θεοῦ

κ) Ὁ γεωργός ἄρτι τὰ δένδρα ἔτεμνε

λ) Τὰ θηρία ἔτρεχε διὰ τοῦ πεδίου

μ) Τὰ τῶν πολεμίων τόξα ἦν φαρμάκου μεστά

ν) Τὰ τῶν στρατιωτῶν ὅπλα ἐστὶ καλὰ

ξ) Δένδρα ἀγαθὰ καρπὸν καλὸν ἔχει

ο) Ὁ ἔπαινος τῶν πολιτῶν τοῖς ἀγαθοῖς ἔργοις ἄθλον ἐστίν

π) Οἱ Σκύθαι τοῖς θεοῖς οὔτε βωμοὺς οὔτε νεῶς ἰδρύουσιν

#### ΣΥΝΘΗΣΙΣ

Ἐν τοῖς τῆς Ἀττικῆς πεδίοις καὶ ἐν τοῖς ἀγροῖς ἦν πρόβατα, καὶ ἵπποι, καὶ βοτάναι παντοδαπαί, καὶ ἐλαῖαι, καὶ ἄμπελοι, καὶ συκαῖ. Αἱ μὲν ἐλαῖαι ἦσαν δῶρα τῆς Ἀθηνᾶς, αἱ δὲ ἄμπελοι τοῦ Διονύσου. Καλὰ καὶ μεγάλα μαρμάρου μέταλλα ἦν ἐν τοῖς τοῦ Ὑμηττοῦ καὶ τοῦ Πεντελικοῦ λόφοις. Ἀξιόλογα δ' ἦν τὰ ἐν τῷ Λαυρίῳ ἀργύρεια.

Ἡ τῶν Ἀθηνῶν ἄκρα πέτρα ἐστὶν ἐν τῷ τοῦ Κηφισοῦ πεδίῳ. Ἐπὶ δὲ τῇ πέτρᾳ ἐστὶ τὸ τῆς Ἀθηνᾶς ἱερόν, καὶ ἐν τῷ ἱερῷ τὸ τοῦ Φειδίου ἔργον ἐλεφάντινον, ἡ Ἀθηνᾶ. Ἐστὶ καὶ ἐν Ἀθηναῖς παντοδαπὰ τῶν τεχνιτῶν ἔργα, τὸ Λύκειον, καὶ τὸ Θησεῖον, καὶ ἡ Ἀκαδημία, καὶ ἡ Ποικίλη στοὰ, καὶ ἱερὰ θαυμαστά.

3. Completa os tres Cuestionarios do Cuso da Aula Virtual.